



FERROLTERRA  
RÍAS ALTAS


GUÍA DE

**ESPAZOS NATURAIS  
PROTEXIDOS EN  
FERROLTERRA**

GALEGO

## ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS EN FERROLTERRA

A Rede Natura 2000 é unha rede de espazos protexidos da Unión Europea, creada co fin de protexer os espazos naturais máis importantes e conservar os seus hábitats naturais e a fauna e flora silvestres. Comprende as Zonas de Especial Conservación (ZEC) e as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPAS)





ZEC COSTA  
ÁRTABRA

ZEC ESTACA  
DE BARES

CARINO

MAÑÓN

ZEC COSTA  
ÁRTABRA

CEDEIRA

ORTIGUEIRA

ZEC  
ORTIGUEIRA-  
MERA

VALDOVIÑO

CERDIDO

MOECHE

ZEC XUVIA -  
CASTRO

NARÓN

AS SOMOZAS

NEDA

SAN  
SADURNIÑO

AS PONTES

FENE

A CAPELA

CABANAS

ZEC SERRA  
DO XISTRAL

PONTEDEUME

PN FRAGAS  
DO EUME

MONFERO

VILARMAIOR

3



## PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME

**As Fragas do Eume son un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa. A súa baixa densidade de poboación explica o estado virxe destes exuberantes bosques que seguen o curso do río Eume**



Píntega rabilonga *Chioglossa lusitanica*

### » SITUACIÓN

O parque natural fragas do Eume atópase no nordeste da provincia da Coruña, no tramo baixo da cunca do río Eume, cunha superficie de 9.126 ha.

### » CONCELLOS

Cabanas, A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Monfero e Pontedeume.

### » ACCESOS

O parque ten establecidos catro portais de acceso, sen comunicación entre eles. Desde Pontedeume: o

itinerario discorre pola estrada DP-6902 desde Pontedeume ata o río Eume, onde se sitúa o centro de visitantes do parque natural e no tramo final, o mosteiro de Caaveiro.

Desde As Neves (A Capela) pola estrada

AC-564 accédese á central hidroeléctrica da Ventureira. No lugar das Neves existe un centro de visitantes de titularidade municipal. Seguindo a estrada AC-564 en dirección ás Pontes, no lugar de Goente, discorre a estrada local ata o encoro do Eume. Desde Monfero: para acceder ao mosteiro de Monfero, onde se atopa o novo centro de visitantes, circular desde Pontedeume, primeiro pola estrada AC-144 que enlaza coa DP-5003 ata o mosteiro.

### » OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

Zona Especial de Conservación.  
Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.



Marta  
Martes  
martes





Gato bravo  
*Felis silvestris*



Morcego de ferradura grande  
*Rhinolophus ferrumequinum*

Ra vermella  
*Rana temporaria*



**HABITAN ESPECIES DE GRAN SINGULARIDADE BOTÁNICA, RARAS, AMEAZADAS OU SUPERVIVENTES DE ÉPOCAS MOI REMOTAS COMO FENTOS DA ERA TERCIARIA**

A cunca do río Eume, ao seu paso por este espazo, discorre por un abrupto val con profundas gargantas e ladeiras de pronunciada pendente, nalgúns puntos de ata 300 m de desnivel, como no espectacular canón tras a presa do encoro. As fragas do Eume albergan nas súas ladeiras o máis importante exemplo de bosque atlántico a nivel europeo. Prospera aquí o carballo como especie predominante, acompañado de rebolos, amieiros, abeleiras, freixos, espiños, castiñeiros, bidueiros, acivros e albedros, entre outros. Ademais, nel habitan especies de gran singularidade botánica, raras, ameazadas ou superviventes de épocas moi afastadas, como algúns feitos da era terciaria. É tamén excepcional a variedade de especies tanto de liques como de musgos. En canto á fauna o conxunto é extremadamente diverso. Entre os invertebrados destacan varias especies



Mirlo acuático *Cinclus cinclus*

protexidas. Os anfíbios e os réptiles son un dos valores principais do espazo. Existen máis de 100 especies de aves, entre as que se citou o bufo real, e non menos de 40 especies de mamíferos, entre as que destacan os morcegos e os carnívoros.

» **EN REDE**

turismoferrolterra.es  
turismo.gal  
eumeturismo.org

## COSTA ÁRTABRA

***Magnus Portus Artabrorum*, nome co que os románs nomearon un lugar do ángulo noroeste da costa de Galicia, entre as rías de Ares e a de Ortigueira do que descoñecemos a súa ubicación exacta**

### » SITUACIÓN

A ZEC Costa Ártabra é o tramo costeiro do norte da provincia da Coruña que se estende desde a ría de Ares ata cabo Ortegal, correspondente ás comarcas de Ferrol e parte de Ortegal, cunha superficie de 7.546 ha.


### » CONCELLOS

Ares, Mugardos, Ferrol, Narón, Valdoviño, Cedeira, Cariño e Ortigueira.

### » ACCESOS

Os accesos principais á área Covas-Doniños son as estradas locais próximas a Ferrol. Á zona Meirás-Valdoviño-Cedeira accédese polas estradas locais AC-566 e AC-113 procedentes de Ferrol e Ribadeo. Á zona punta Candieira-A Capelada-cabo Ortegal, por estradas locais e DP 2205 (Cariño-San Andrés de Teixido) e DP 6121 (Mera-Cariño-Viveiro-Ribadeo).

Percebes  
*Pollicipes  
pollicipes*



### » OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

Zona de especial protección dos valores naturais.  
Zona de especial protección para as aves (ZEPA costa de Ferrolterra-Valdoviño).  
Zona húmida protexida (lagoa e areal de Valdoviño).  
Zona húmida Ramsar (lagoa e areal de Valdoviño).  
IBA (International Bird Area) 005 Costa de Ferrolterra-Valdoviño







No extremo sur, dacabalo entre as rías de Ares e Ferrol, discorre unha ribeira sinuosa, rica en contrastes e vilas mariñeiras.

Ao norte da ría ferrolá, en Prioriño Chico, comeza unha costa rochosa e alta, salpicada de pequenos cabos e baías moi expostas. Nela observamos unha sucesión de areas con extensos sistemas dunares e escarpados acantilados

mariños, como sucede nas praias de Doniños, San Xurxo, Santa Comba, Ponzos, Valdoviño, Pantín e Vilarrube. As lagoas litorais caracterizan este tramo. A da Frouxeira é de augas salobres e superficiais cunha influencia mariña regular, mentres que a de Doniños é de augas doces máis profundas. O tramo máis abrupto comeza en Cedeira, onde o



Cardo da ribeira *Eryngium maritimum*



Covo mariño cristado  
*Phalacrocorax aristotelis*



Sanandresiño:  
amuleto de  
miga de pan  
típico de Santo  
André de  
Teixido





De arriba a abaixo:

Perexil do mar

*Crithmum maritimum*

Herba becerra *Antirrhinum*

*majus subsp. linkianum*

Fento marítimo *Asplenium*

*marinum*

**AS LAGOAS LITORAIS  
CARACTERIZAN ESTE  
TRAMO. A DA FROUXEIRA  
É DE AUGAS SALOBRES  
E SUPERFICIAIS CUNHA  
INFLUENCIA MARIÑA  
REGULAR, MENTRES QUE A  
DE DONIÑOS É DE AUGAS  
DOCES MÁIS PROFUNDAS**


relevo da serra da Capelada alcanza alturas superiores aos 500 m, formando espectaculares acantilados mariños como os de Vixía Herbeira (613m), onde se atopa o santuario de Santo André de Teixido onde, di a lenda, que vai de morto o que non vai de vivo. Aínda que aquí hai poucos illotes, algúns presentan un gran desenvolvemento vertical, formando impresionantes farallóns, como os aguillóns de cabo Ortegal.

No espazo existen dúas zonas catalogadas como puntos de interese xeolóxico internacional: Punta Candieira no complexo de cabo Ortegal e Santo André de Teixido.

Esta variedade xeolóxica e morfolóxica determina a aparición de endemismos vexetais (únicos no mundo) e plantas raras noutras

partes de Galicia, moitas delas nas dunas.

A fauna está ben representada na zona, predominan especies endémicas do oeste da Península Ibérica en anfíbios e réptiles, aínda que é a avifauna un dos grandes valores da zona. Alberga colonias mariñas de paíño europeo, corvo mariño cristado e gaivota patiamarela e concentra unha gran variedade de aves acuáticas e palustres. É posible ver aquí os ameazados abetouro e pillara papuda, e na primavera a zona convértese en refuxio imprescindible para as aves nas súas migracións, sobre todo para o pilro curlibico e o mazarico rabipinto.



Lavanco real

*Anas platyrhynchos*

» **EN REDE**

turismoferrolterra.es  
turismo.gal  
turferrol.com

## ORTIGUEIRA-MERA

**As desembocaduras dos ríos Mera e Baleo, así como os numerosos ríos menores que desaugan neste fermoso e amplo val anegado, conforman unha das maiores marismas de Galicia**

### » SITUACIÓN

A zona de especial conservación Ortigueira - Mera sitúase no extremo norte da provincia da Coruña, comarca do Ortegal, e amplíase cara ao interior polos municipios de Cerdido, As Pontes e As Somozas cunha superficie de 3.868 ha.

Caliña de río  
*Gallinula chloropus*



### » CONCELLOS

Cariño, Ortigueira, Cerdido, As Pontes de García Rodríguez e As Somozas.

### » ACCESOS

Os accesos principais á ría e ao seu contorno son as estradas procedentes de Ferrol e Viveiro, que conducen ás poboacións de Cariño e Ortigueira. Á parte interior do espazo, cunha alta do río Mera, accédese pola comarcal C-7010 (As Pontes de García Rodríguez - As Somozas).

### » OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

Zona de especial protección dos valores naturais.  
Zona de especial protección para as aves (ZEPA Ría de Ortigueira e Ladrido).  
Zona húmida protexida (ría de Ortigueira e Ladrido).  
Zona Ramsar (ría de Ortigueira e Ladrido).  
IBA (International Bird Area) 005 Costa de Ferrolterra-Valdoviño e IBA 006 Punta Candieira -ría de Ortigueira - Estaca de Bares.

Xunco mariño  
*Juncus maritimus*



Herba de namorar *Armeria pubigera*



Merlo azul *Monticola solitarius*





A ZEC abarca dúas zonas diferentes, no norte a ría de Ortigueira e Ladrado, e no sur a cunca do río Mera, tramo de carácter fluvial con áreas de bosques e matogueiras. O espazo estuárico está formado pola ría de Ortigueira propiamente dita, típico estuario de val

Avenoiteira cincenta  
*Caprimulgus europaeus*



fluvial onde desemboca o río Mera e a enseada de Ladrado, un estuario con barra sedimentaria, onde desemboca o Baleo. Con marea baixa, a maior parte da súa superficie convértese nun areal pero, nas partes máis internas e resgardadas, predominan os limos.

Na parte exterior atopamos o areal de Morouzos, chamado así pola cor escura da súa area.

A ría

**NA PARTE EXTERIOR  
ATOPAMOS O AREAL DE  
MOROUZOS, CHAMADO ASÍ  
POLA COR ESCURA DA SÚA  
AREA**

de Ortigueira e Ladrado conforma a maior extensión de marismas, xunqueiras e praderías de ceba de mar de Galicia; por iso é unha zona moi importante polo número total de aves acuáticas invernantes e as grandes concentracións presentes o resto do ano ou en paso, que atopan

**A RÍA DE ORTIGUEIRA E LADRIDO CONFORMA A MAIOR EXTENSIÓN DE MARISMAS, XUNQUEIRAS E PRADERÍAS DE CEBA DE MAR DE GALICIA**

aquí o seu lugar de refuxio, repouso e alimentación. Destacan o asubiador, a gabita, a pílara cincenta, o pilro curlibico, o mazarico rabipinto, o mazarico curlí, o bilurico e os colimbos, os carranes e as gaivotas en xeral.

O río Mera discorre encaixado e o seu caudal é moi forte posto que recolle as augas da zona este do municipio de Cerdido a través de varios afluentes, formando un val de fortes pendentes e gran profundidade. Río arriba, ademais do bosque de ribeira podemos destacar varias especies de feitos ameazados, sobreviventes do Terciario.



Pato cincento *Anas strepera*



Pilro curlibico  
*Calidris alpina*

» **EN REDE**

turismoferrolterra.es  
turismoortigueira.com  
turismo.gal

## SERRA DO XISTRAL

**Dacabalo entre A Terra Chá e o mar Cantábrico atópase esta serra golpeada pola xistra –vento do que recibe o seu nome– e que destaca, ademais de polas numerosas covas e cavidades, por ser unha das maiores turbeiras da Península**



### » SITUACIÓN

A ZEC Serra do Xistral atópase na provincia de Lugo e toca unha pequena parte do concello das Pontes da provincia da Coruña (22.946 ha)

### » ACCESOS

Desde Vilalba enlace con Lu-540 con desvíos ao leste en Muras e Oural cara ao Valadouro. Pola outra vertente accesos locais desde Mondoñedo.

### » OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

Zona de especial protección dos valores naturais e Reserva da biosfera.



Lagarta das brañas  
*Zootoca vivipara*

Os redondeados cumes da Serra do Xistral forman o macizo montañoso que separa A Terra Chá do mar, do cal provén a xistra, ese golpe de vento húmido e xélido que varre permanentemente a zona. O máis significativo do espazo, ademais das cavidades e covas como a do Rei Cintolo, é que nesta zona se atopa o maior sistema de turbeiras da Península Ibérica.

Papuxa montesa  
*Sylvia undata*

## XUVIA-CASTRO

**Cursos fluviais e fermosas paisaxes de turbeiras e brañas atraen unha variada fauna de gran interese para os amantes da natureza máis salvaxe**

### » SITUACIÓN

A ZEC Xuvia-Castro comprende a cunca do río Grande de Xuvia que desemboca na ría de Ferrol, cunha superficie de 2.074 ha.

### » CONCELLOS

Concellos da Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes de García Rodríguez, na provincia da Coruña.

### » ACCESOS

As súas localidades de referencia son Moeche, San Sadurniño e Xuvia. Desvíos cara ao río en Naraio ou Moeche na estrada AC862.

### » OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

Zona de especial protección dos valores naturais.

A zona abarca dous espazos naturais ben diferentes.

Por unha banda, o sistema fluvial formado polo río Grande de Xuvia e os seus afluentes tributarios, entre os que destaca o río Castro; e por outra, a serra do Forgoselo, cuxa vertente setentrional verte as súas augas nel.

A cunca do río Grande de Xuvia esténdese desde as terras das Somozas,



onde nace, ata a súa desembocadura na ría de Ferrol. Ao longo do seu curso fluvial atravesamos amplos e fermosos vales como o de Moeche, que contrastan co estreito canón do río Castro, ao seu paso por San Sadurniño. No último tramo, o Xuvia encáixase bordeando o monte de



Lontra  
*Lutra lutra*





**AMBOS OS DOUS CURSOS FLUVIAIS MANTÈNEN A SÚA VEGETACIÓN RIBEIREGA EN BO ESTADO DE CONSERVACIÓN E AÍND A PERSISTEN VALIOSAS MANCHAS DE VEGETACIÓN AUTÓCTONA**

Ancos e alárgase ao chegar á presa do Rei -entre Naron e Neda-, tras a que desemboca.

Ambos os dous cursos fluviais manteñen a súa vexetación ribeirega en bo estado de conservación e aínda persisten valiosas manchas de vexetación autóctona. A gran riqueza vexetal dá acubillo a unha variada fauna acuática, e sorteando muíños e outras construcións de carácter fluvial, é posible atopar xabarís, corzos, martas e lontras, entre unha gran variedade de aves. Pola súa banda, o macizo



do Forgoselo -A Capela, San Sadurniño, As Pontes e As Somozas- conta cunha orografía suave (ao redor dos 500 m) na que destacan as turbeiras e brañas nos cumes aplanados da serra, onde a escasa pendente facilita a acumulación de auga, de grande interese pola súa valiosa vexetación e pola comunidade de anfibios e réptiles. A repoboación de piñeirais conformou un hábitat interesante para a

observación de aves escasas no resto da provincia. Ademais, nesta zona mantense unha importante cabana de cabalos e vacas en semiliberdade que atrae de forma periódica os lobos.

**» EN REDE**

turismoferrolterra.es  
turismo.gal  
sansadurnino.gal  
rioxuvia.naron.es

## ESTACA DE BARES

**O punto máis setentrional da Península Ibérica é un lugar de natureza salvaxe e cativadora; de altos cantís azoutados polo vento constante**

### » SITUACIÓN

A ZEC Estaca de Bares sitúase no extremo norte da provincia da Coruña, cunha superficie de 852 ha.

### » CONCELLOS

Concellos de Mañón e Ortigueira

### » ACCESOS

Desde Ortigueira e Ribadeo (ambos na estrada comarcal AC862) parte unha estrada comarcal cara ao porto de Bares.

### » OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

Zona de especial protección dos valores naturais.

Sitio natural de interese nacional.

IBA (International Bird Area)  
006 Punta Candieira - ría de Ortigueira - Estaca de Bares.

Estaca de Bares, situada entre as rías de Ortigueira e O Barqueiro, representa o punto máis setentrional da Península Ibérica e constitúe o límite xeográfico entre o mar Cantábrico e o océano Atlántico.

O cabo, moi accidentado, está rodeado de cantís que nalgúns puntos superan os 100 m de altura. Posúe rechamantes rocas graníticas e está cuberto por vexetación de matogueira e plantas adaptadas ao ecosistema mariño, con algúns endemismos galegos (únicos no mundo).

A zona protexida esténdese ata os cantís de Loiba



(Ortigueira), salvagarda de fermosas e inaccesibles praias, e un dos seus principais atractivos é o seu valor paisaxístico.

Con todo, a importancia do espazo radica sobre todo en que este é un dos mellores enclaves europeos para a observación da migración de aves mariñas. O paso migratorio outonal ten o seu groso entre os meses de agosto a novembro, cando as aves acoden ás súas áreas de invernada. Chegáronse a contabilizar varios miles de



Mascato  
*Morus bassanus*



A IMPORTANCIA DO  
 ESPAZO RADICA EN QUE  
 ESTE É UN DOS MELLORES  
 ENCLAVES EUROPEOS  
 PARA A OBSERVACIÓN  
 DA MIGRACIÓN DE AVES  
 MARIÑAS



Falcón peregrino  
*Falco peregrinus*

exemplares cada día, máis  
 de 250.000 individuos nun  
 ano. Algunhas das especies  
 máis representativas son  
 o mascato, as pardelas,  
 o corvo mariño, distintas  
 especies de gaivotas, o  
 parrulo pentumeiro común  
 e o arao. Nas partes máis  
 abruptas dos cantís cría o  
 falcón peregrino.

» **EN REDE**  
[turismoferrolterra.es](http://turismoferrolterra.es)  
[turismo.gal](http://turismo.gal)



FERROLTERRA  
RÍAS ALTAS



MANCOMUNIDADE  
Concellos da Comarca  
de Ferrol



XUNTA DE GALICIA

galicia



[turismoferrolterra.es](http://turismoferrolterra.es)



[eumeturismo.org](http://eumeturismo.org)



[turismo.gal](http://turismo.gal)